Sogama organizou os pasados 27 e 28 de novembro o IV Encontro de empresas públicas de xestión de residuos da cornixa cantábrica, unha cita na que participaron representantes de [MARE](#) (Cantabria), [Cogersa](#) (Asturias), [Garbiker](#) (Bizkaia) e [GHK](#) (Gipuzkoa). O obxectivo principal foi reforzar a cooperación entre entidades que operan en territorios con retos ambientais e estruturais similares. A primeira xornada celebrouse en Santiago, onde os responsables de cada compañía expuxeron as actuacións máis relevantes levadas a cabo durante o último ano, así como as liñas estratéxicas previstas para os próximos meses. Ademais, desenvóléronse talleres especializados sobre operación técnica, innovación, protección ambiental, comunicación, dixitalización, ámbito xurídico, contratación e recursos humanos.

Visita ao Complexo de Cerceda

O encontro continuou o día 28 na sede de Sogama, en Cerceda. Alí presentáronse as conclusións dos grupos de traballo e contouse coa presenza da conselleira de Medio

Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, que estivo acompañada pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, M^a José Echevarría. A xornada culminou cunha visita ao Complexo Medioambiental, onde os asistentes puideron coñecer de primeira man o proceso de tratamento dos residuos, desde a súa chegada ata a súa recuperación para

enviar á industria recicladora, no caso daqueles susceptibles de ser reciclados, ou a súa transformación final en enerxía eléctrica, no caso da fracción non reciclable. A celebración desta edición permitiu consolidar un foro de cooperación que contribúe á mellora dos servizos públicos de xestión de residuos e ao avance cara a modelos máis sostibles na cornixa cantábrica.



Benvinda do presidente de Sogama, Javier Domínguez, durante a apertura do evento en Santiago.



Foto de grupo no Complexo Medioambiental de Sogama.

🔄 [Volver á portada](#)



Actualidade

“Recíclate con Sogama” inicia a súa 14ª edición con 25 centros implicados coas boas prácticas ambientais

A iniciativa formará ao alumnado de infantil, primaria e educación especial en prevención, reutilización e reciclaxe, reforzando o compromiso dos colexios coa xestión sostible dos residuos



O programa educativo [“Recíclate con Sogama”](#) arrincou o curso 2025-2026 con 25 centros seleccionados de toda Galicia, que están a participar nunha nova edición desta iniciativa orientada a promover hábitos responsables na xestión dos residuos no ámbito escolar. O programa, integrado no Plan Proxecta da Xunta, consolídase así como unha das accións educativas máis relevantes da empresa pública. “Recíclate con Sogama” busca que o alumnado interiorice os tres “R” (redución, reutilización e reciclaxe) e comprenda a importancia de separar correctamente os materiais para facilitar o seu posterior aproveitamento. Para iso,

Sogama valorou cada candidatura atendendo á calidade das propostas, a súa metodoloxía e as dinámicas previstas para fomentar a reflexión sobre a xeración de lixo e promover a acción.

A empresa entregará ás escolas as coñecidas illas de reciclaxe, compostas por catro contedores para a recollida selectiva de lixo, e nos casos en que dispoñan de terreo, tamén un composteiro para producir abono propio. Ademais, achegará materiais didácticos, titorías para o profesorado e sesións presenciais reforzadas con talleres e xogos.

Visitas de seguimento e avaliación final

No segundo trimestre, o equipo educativo de Sogama realizará visitas de seguimento para supervisar os proxectos e resolver dúbidas. Xa no terceiro trimestre, avaliaranse as actividades realizadas e efectuarase unha caracterización dos residuos depositados nas illas, co fin de medir o grao de acerto na separación. A participación abrangue centros das catro provincias, o que evidencia a boa acollida dun programa que continúa medrando e contribuíndo a construír unha comunidade escolar máis consciente, implicada e comprometida coa sostibilidade.

Actualidade

O sector Waste-to-Energy mantén a súa solidez segundo o Barómetro Industrial 2025

O informe anual de ecoproog e CEWEP acredita a estabilidade operativa das plantas de valorización enerxética, así como un elevado nivel de confianza empresarial nun contexto económico complexo



O Barómetro Industrial Waste-to-Energy 2025, elaborado pola consultora ecoproog en colaboración coa Confederation of European Waste-to-Energy Plants (CEWEP), confirmou a boa saúde do sector europeo de valorización enerxética de residuos a pesar das dificultades económicas globais. O estudo destacou que estas instalacións continúan ofrecendo un rendemento sólido e unha perspectiva estable de negocio, reforzando o seu papel como peza clave da economía circular e da seguridade enerxética. Segundo o barómetro, a percepción do clima empresarial mellorou ata os 92,5 puntos, mentres que as expectativas de negocio acadaron 87,6 puntos,

ambos por riba dos resultados do exercicio anterior. A avaliación da situación actual do negocio sitúase en 97,6 puntos, lixeiramente por debaixo dos 102 rexistrados en 2024, un dato que ecoproog interpreta como sinal de equilibrio entre capacidade instalada e demanda real de tratamento. O informe tamén recolle que a dispoñibilidade de plantas diminuíu en países como Alemaña e Francia debido ao envellecemento das infraestruturas e ao incremento das paradas técnicas, ao tempo que sectores tradicionalmente consumidores de residuos combustibles, como o do cemento, reduciron actividade pola crise económica.

Bo comportamento industrial

No eido industrial, fabricantes e provedores mantiveron un desempeño sólido. O índice de clima empresarial ascendeu a 98,3 puntos e a situación actual mellorou ata 113,8 puntos. O 94% das empresas declarou encontrarse nunha situación "boa ou satisfactoria" e máis da metade conta cun volume de pedidos estable ou crecente. O Barómetro, publicado anualmente desde 2012, reafirma así que o Waste-to-Energy continúa a ser un sector rendible e sostible, capaz de transformar residuos non reciclables en enerxía mesmo nun escenario económico incerto.



Actualidade



Empresa Circular

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A.

Las empresas Circulares implementan una estrategia de economía circular, para lo cual establecen colaboraciones con grupos de interés, e incorporan criterios circulares en el consumo de recursos, en el diseño y producción de sus productos y, en general, en el conjunto de sus procesos productivos.

Encuesta Indicadores ARDÁN Galicia, 2025
Consortio de la Zona Franca de Vigo

En Vigo, a 15 de octubre de 2025



David Regades Fernández
Delegado Especial del Estado en el
Consortio de la Zona Franca de Vigo

Sogama, recoñecida co indicador ARDÁN de Empresa Circular 2025

A compañía pública volveu destacar polo seu compromiso coa economía circular, un feito avalado polo indicador ARDÁN que analiza o comportamento de máis de 45.000 empresas galegas

Sogama foi distinguida co indicador [ARDÁN](#) de Empresa Circular 2025, un recoñecemento que premia a súa aposta por integrar a economía circular en todos os ámbitos da súa actividade. O galardón forma parte da avaliación anual que realiza o Departamento de Estudos Económicos do Consorcio da Zona Franca de Vigo, en colaboración coa Cátedra ARDÁN da Universidade de Vigo, sobre miles de compañías galegas. Este novo indicador súmase a unha longa traxectoria de distincións como son o de Empresa de Alta Produtividade (2017 e 2020), Empresa

Innovadora (2019 e 2020), Empresa Xeradora de Riqueza (2019), Empresa Circular (2020, 2021 e agora 2025) e Empresa de Igualdade de Xénero (2021). Ademais, conta con premios externos como o Cantábrico Excelente (2015), o Premio de Xestión Ambiental El Suplemento (2017) ou o European Business Awards (2021).

Unha empresa que avanza cara á xeración de recursos!

No marco do Plan Estratégico 2025-2030, Sogama busca evolucionar dunha entidade centrada no tratamento de residuos cara a unha organización xeradora de

recursos. Entre os seus proxectos máis relevantes figura a posta en marcha, a mediados de 2026, da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles de España, actualmente en construción.

A compañía tamén avanza na transformación dixital mediante a robotización e a intelixencia artificial, co obxectivo de mellorar a eficiencia, optimizar a reciclaxe e garantir a trazabilidade do residuo. Paralelamente, traballa na descarbonización dos procesos, substituíndo o gas natural por un sistema de biosecado renovable.

Actualidade

Sogama reforza a formación ambiental na Escola Naval da Graña durante o curso 2025-2026

A entidade pública colabora coa Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña (Ferrol) mediante charlas, cursos e recursos didácticos centrados na correcta xestión dos residuos



Sesión teórica de formación ambiental na Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña (Ferrol).

Sogama colabora este curso académico 2025-2026 coa Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña, situada na ría de Ferrol, para reforzar a formación ambiental do seu alumnado. A entidade pública está a impartir sesións informativas que integran a xestión sostible dos residuos nas distintas áreas de estudo. No transcurso do programa

formativo, os técnicos de Sogama abordan os principios fundamentais da redución, reutilización e reciclaxe, e explican como se complementan coa valorización enerxética da fracción non reciclable, que permite minimizar o uso do vertedoiro. As charlas tamén inclúen a correcta separación das distintas fracción de residuos, así como acompostaxe doméstica

e industrial. Para iso, Sogama entregou tres composteiros de 400 litros e seis cubos para a recollida de restos orgánicos procedentes das áreas de cociña e comedor. Pola Escola da Graña pasan cada ano arredor de 600 alumnos das especialidades de Aloxamento e Restauración, Manobra e Navegación e Administración.



Actualidade



Persoal técnico de Sogama durante unha das sesións informativas sobre a compostaxe doméstica.

Sogama formou a máis de 1.300 veciños en compostaxe durante o primeiro semestre do ano

A entidade pública intensificou a súa acción formativa para promover unha correcta separación da materia orgánica e impulsar a súa transformación en compost de calidade

Sogama formou, entre xaneiro e xuño deste ano, a máis de 1.300 veciños de distintos concellos galegos en materia de compostaxe doméstica e industrial. A iniciativa, impartida por técnicos especializados, tivo como obxectivo principal concienciar sobre a importancia de separar en orixe a materia orgánica para convertela nun abono natural e de alta calidade, apto para o seu uso en agricultura e xardinería, segundo marca a normativa vixente. As sesións centradas na autocompostaxe tiveron unha grande acollida, especialmente no rural, onde esta práctica forma

parte da tradición. O programa de Sogama dá un paso máis ao facilitar ás familias un composteiro doméstico que fai o proceso máis eficiente e hixiénico. Nas charlas, especificase o lugar idóneo para situalo, así como os materiais permitidos e as condicións necesarias de osíxeno, humidade e temperatura para garantir un bo resultado. Tendo en conta que a materia orgánica representa arredor do 40% dunha bolsa tipo de lixo doméstico, a súa recuperación en orixe, nas vivendas que reúnan as condicións, permite importantes beneficios ambientais e económicos.

O contedor marrón

A progresiva implantación do contedor marrón garante que tamén a poboación urbana e periurbana contribúa á compostaxe, depositando os seus biorresiduos neste novo recipiente. No modelo Sogama, esta fracción é tratada nas súas catro plantas de biorresiduos (Cerceda, Cervo, Vilanova de Arousa e Verín), onde se transforma en compost industrial apto para uso agrícola, pechando así o ciclo da materia orgánica segundo os principios da economía circular.



Multimedia

Como aforrar na xestión dos residuos municipais

Sogama publica un novo vídeo no que explica, de maneira clara e práctica, como os concellos poden reducir ata un 48% o custo asociado á xestión dos residuos. A entidade pública destaca que, se a cidadanía adopta unhas sinxelas pautas de separación e reciclaxe, non só se consegue un importante aforro para as arcas municipais, senón que tamén se abren novas oportunidades de obter ingresos a través dunha mellor valorización dos residuos.



[Podes ver o vídeo completo aquí](#)

Reinicia os teus hábitos: Reduce, Reutiliza e Recicla!

No marco da campaña "Reinicia os teus hábitos: Reduce, Reutiliza e Recicla!", posta en marcha por Sogama con motivo da Semana Europea da Prevención de Residuos 2025, a entidade estrea un novo jingle corporativo. A través dun ritmo pop fresco e pegadizo, Sogama anima á cidadanía a incorporar na súa rutina diaria os tres erres da sostiabilidade, promovendo un estilo de vida máis responsable e consciente.



[Ver o vídeo](#)

[Volver á portada](#)

20



Eventos

Sogama presenta a súa tecnoloxía de leite fluído circulante no Energy Days 2025

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, participou no congreso [Energy Days 2025](#), celebrado no mes de outubro, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Na súa intervención destacou que Sogama é a única planta de valorización enerxética en España que emprega tecnoloxía de leite fluído circulante, garantindo emisións moi por baixo dos límites legais. Explicou tamén o proceso de transformación dos refugallos non reciclables en combustible derivado de residuos (CDR) e o seu papel como cuarto R da sustentabilidade. Ademais, avanzou as liñas mestras do Plan Estratégico 2025-2030, centrado na dixitalización, a recuperación de novas fraccións de residuos, como é o caso do téxtil, e a descarbonización dos procesos.



Javier Domínguez durante a súa intervención no Energy Days 2025.

Sogama colabora nun proxecto europeo de inspección ambiental en Macedonia do Norte

Sogama participa nun proxecto de irmandamento Twinning da Unión Europea para fortalecer as capacidades do Servizo de Inspección Estatal do Medio Ambiente de Macedonia do Norte. Liderado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, e xestionado pola Fundación para a Internacionalización das Administracións Públicas (FIAP), o proxecto conta co Ministerio de Medio Ambiente de Grecia como Junior Leader.

Na iniciativa, Sogama está representada polo xefe de Calidade e Medioambiente, Pedro Alcázar, quen asesora na elaboración de plantillas, informes e check-lists para inspectores ambientais. En maio de 2026, representantes macedonios visitarán Galicia para coñecer de primeira man o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda.



Integrantes do proxecto Twinning nas dependencias do servizo de inspección ambiental en Skopje.

Eventos

Sogama no Congreso Concellos 2030

Sogama participou no [Congreso Concellos 2030](#), celebrado en Vigo a principios de outubro, nunha xornada dedicada á xestión de residuos municipais. Concretamente, formou parte dunha mesa redonda moderada por representante de Aproema e na que tamén interviñeron portavoces de Prezero e FCC. Durante o encontro, Sogama deu a coñecer a operativa e rede de infraestruturas públicas destinadas á compostaxe industrial da materia orgánica en Galicia, así como as particularidades do programa de compostaxe doméstica que lidera na comunidade.



CONGRESO
CONCELLOS
20_30



Curiosidades

A futura Lei de Economía Circular da UE, un impulso para unha industria electrónica sostible

O WEEE Forum, xunto con varias asociacións europeas do sector electrónico, mostrou recentemente o seu apoio aos obxectivos da futura Lei de Economía Circular da Unión Europea (CE Act). A normativa pretende fomentar unha economía máis limpa, eficiente no uso de recursos e competitiva, especialmente no ámbito dos equipos eléctricos e electrónicos (RAEE).

Entre as medidas clave destacan a libre circulación de materias primas secundarias, a promoción de reciclaxes de alta calidade, a simplificación da normativa e o impulso de modelos empresariais circulares e innovadores.

Con todo, as entidades alertan de seis desafíos que deben superarse para que o marco legal sexa eficaz e viable: obstáculos normativos, fragmentación do



mercado europeo, subministración inestable de materiais reciclados, calidade irregular dos materiais secundarios, obxectivos de

recollida pouco realistas e carencia de vixilancia efectiva.

Fonte: WEEE Forum
Imaxe: Pixabay

Aberta a convocatoria da 3ª edición da aceleradora ambiental BF ClimaTech

A [Business Factory \(BF\) ClimaTech](#), a aceleradora ambiental impulsada pola Xunta de Galicia, e o Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (Viratec), abriu o prazo de inscrición para a súa terceira edición, na que Sogama participa como empresa tractora. A convocatoria está dirixida a emprendedores e startups que desenvolvan solucións innovadoras en sostibilidade e economía circular, e busca atraer proxectos de alto potencial capaces de responder aos principais retos ambientais actuais. O prazo para presentar candidaturas remata o próximo 30 de decembro. O programa estrutúrase en tres itinerarios (incubación, aceleración e consolidación)

Fonte e imaxe: BF ClimaTech

Abierto plazo de inscripción

III edición de la BF ClimaTech

Del 10 de noviembre al 30 de diciembre

adaptados ao grao de madurez das iniciativas. As propostas seleccionadas recibirán apoio técnico, formación especializada, acceso a financiamento e contacto

con empresas tractoras como Sogama. Ademais, contarán co acompañamento de entidades científicas que garanten o rigor técnico dos proxectos.

🔗 [Volver á portada](#)



Curiosidades

Entra en vigor a revisión da Directiva Marco de Residuos da UE

A revisión da Directiva Marco de Residuos entrou en vigor o pasado 16 de outubro coa finalidade de reforzar a economía circular na Unión Europea e avanzar cara a unha xestión máis eficiente dos recursos. A nova normativa introduce, por primeira vez, a responsabilidade ampliada do produtor no sector téxtil (RAP), obrigando ás empresas a financiar a recollida, clasificación e tratamento das pezas que poñen no mercado. Tamén incorpora a eco-modulación das taxas, que serán máis baixas para os produtos duradeiros e fáciles de reciclar. A directiva establece igualmente obxectivos vinculantes de redución do desperdicio alimentario para 2030; un 10 % nos sectores de procesamento e fabricación, e un 30 % per cápita en venda polo miúdo e consumo. Para conseguilo,



os Estados membros deberán actualizar os seus plans de prevención, impulsar a innovación e reforzar a doazón de alimentos. Os Estados membros terán 20 meses (dende a entrada en vigor da normativa) para incorporar a directiva ás súas leis e 30

meses para poñer en marcha os RAP. Ademais, deberán nomear autoridades encargadas de coordinar a prevención do desperdicio alimentario antes do 17 de xaneiro de 2026 e actualizar os seus programas nacionais antes do 17 de outubro de 2027.

Fonte: CE
Imaxe: Freepik

CRETUS, unha década impulsando a investigación ambiental

O [Centro de Investigación Interdisciplinaria en Tecnoloxías Ambientais \(CRETUS\)](#), da Universidade de Santiago de Compostela, cumpre dez anos consolidado como un dos referentes galegos na xeración de coñecemento para a sustentabilidade. Ao longo desta década, o centro destacou polo seu labor multidisciplinar en ámbitos como a protección da biodiversidade, a recuperación de solos e augas e o desenvolvemento de tecnoloxías ambientais innovadoras. A súa recente incorporación á Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego supón un recoñecemento á calidade e impacto dun equipo formado por máis de cen profesionais entre persoal investigador, técnico e de apoio. Sogama colabora activamente con CRETUS en distintas iniciativas dirixidas a promover solucións máis eficientes



(De esquerda a dereita) O cuarto pola esquerda, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; o reitor da USC e a alcaldesa de Santiago, acompañados de representantes da Xunta, do tecido empresarial e da comunidade investigadora durante o acto de celebración do décimo aniversario.

e circulares. Esta alianza contribúe a fortalecer a transferencia de coñecemento entre a investigación e o tecido empresarial, favorecendo o avance cara a modelos máis sostibles en Galicia.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

🔍 [Volver á portada](#)

24



Curiosidades

A Fundación Fórum Ambiental insta a reforzar a Lei de Industria para impulsar a economía circular

A Fundación Fórum Ambiental, que coordina o grupo de traballo Entes Supramunicipais para a Xestión de Residuos Municipais (ESGREM), do que Sogama forma parte, presentou ante a Comisión de Industria do Congreso un documento con 16 propostas para reforzar o Proxecto de Lei de Industria e Autonomía Estratéxica (PLIAE).

O obxectivo é situar a economía circular como eixo central da reindustrialización española, reforzando á súa vez o papel da industria dos residuos, un sector que xa chega 41.000 millóns de euros en ingresos e representa o 7% do emprego industrial.

Entre as propostas destacan o recoñecemento explícito da economía circular na lei, a integración da industria dos residuos no seu ámbito de aplicación, o impulso dunha Axencia de Economía Circular Industrial e o investimento



en infraestruturas estratéxicas que permitan cumprir cos obxectivos europeos de reciclaxe.


A Fundación considera que fortalecer este sector é esencial para garantir autonomía estratéxica, e avanzar cara a un modelo industrial máis competitivo e sostible.

Fonte: Fundación Fórum Ambiental
Imaxe: Freepik

O futuro do envase pasa polo Pasaporte Dixital de Produto

O Pasaporte Dixital de Produto (DPP) xorde como unha ferramenta clave para mellorar a rastrexabilidade, a transparencia e a circularidade nos procesos industriais e de consumo. Este sistema permitirá rexistrar toda a vida dun produto, desde a materia prima ata o seu destino final, facilitando o cumprimento de criterios de reciclaxe, seguridade e eficiencia sostible.

Profesionais de sectores como o téxtil, o plástico ou o xoguete coinciden en que o DPP suporá un antes e un despois, empoderando ao consumidor e impulsando modelos industriais máis circulares. Xa se observan algúns exemplos de implantación tecnolóxica en proxectos baseados en blockchain, almacenamento de datos mediante microetiquetas con ADN ou demostradores de produtos plásticos. O DPP converterase nun estándar europeo a partir de 2027, e



segundo o sector, consolidará a transparencia e a circularidade como pilares da industria do envase e embalaxe.

Fonte: Clúster Innovación Envase y Embalaje
Imaxe: Pixabay

🔍 [Volver á portada](#)

25



Curiosidades

A acidificación dos océanos suma outra ameaza aos límites planetarios

Un novo informe científico global confirma que a humanidade xa superou sete dos nove límites planetarios que garanten a estabilidade da vida na Terra. O máis recente é o da acidificación oceánica, provocada principalmente polas emisións de dióxido de carbono derivadas da queima de combustibles fósiles. Este fenómeno altera a química do océano e ameaza os ecosistemas mariños, especialmente os arrecifes de coral, xa debilitados polo quecemento global e a contaminación. O Informe sobre o Estado dos Océanos de Copernicus alerta de que os mares europeos enfróntanse a unha "tripla ameaza mortal": acidificación, perda de oxíxeno e aumento das temperaturas. O concepto de límites planetarios identifica nove procesos esenciais do sistema terrestre, como o cambio



climático, a perda de biodiversidade e o uso de auga doce, que determinan un espazo seguro para a vida humana. Superar estes límites aumenta o risco de alteracións irreversibles nos sistemas naturais.

Fonte: CE
Imaxe: Freepik

Tres emprendedores reciben o premio Mozos Campións da Terra do PNUMA

Tres emprendedores ambientais de India, Quenia e Estados Unidos foron recoñecidos co premio Mozos Campións da Terra, otorgado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA). A distinción destaca as súas contribucións á economía circular global, desde o tratamento de augas residuais ata a loita contra a contaminación plástica e a creación de alternativas sostibles a materiais convencionais. Jinali Mody (28 anos), de India, fundou Banofi Leather, unha empresa que produce alternativas ao coiro a partir de refugallo de cultivos de banana, reducindo a auga, os residuos tóxicos e as emisións de CO₂. Joseph Nguthiru (27), de Quenia, desenvolveu HyaPak, que transforma xacinto invasor do lago Naivasha en bolsas biodegradables. En Estados Unidos, Noemi Florea (24 anos) creou Cycleau, un sistema que reutiliza augas grises e as transforma en



Joseph Nguthiru, Noemi Florea e Jinali Mody.

auga potable, reducindo consumo e enerxía. Os galardoados reciben financiamento inicial, apoio en comunicación e mentoría para escalar as súas solucións, promovendo un futuro máis sostible a nivel global.

Fonte e imaxe: ONU Medio Ambiente

🔍 [Volver á portada](#)

Curiosidades

España debe acelerar alternativas á vertedura

España segue afastada dos seus compromisos legais en materia de residuos municipais, segundo o novo informe da Fundación Fórum Ambiental. O estudo indica que seis dos oito obxectivos normativos presentan atrasos relevantes e que a situación podería agravarse coa futura adopción do método europeo de cálculo da reciclaxe. Con este sistema, a taxa real situaríase no 26%, moi por baixo do 60% esixido para 2030.

A investigación tamén destaca que o vertedoiro continúa a ser a principal vía de tratamento, cun 47% dos residuos municipais, cando a normativa europea establece un máximo do 10% para 2035. Por iso, subliña a importancia de acelerar alternativas máis sostibles, como a compostaxe, a valorización material



e a recuperación enerxética. O informe lembra que a prevención segue sendo a gran asignatura pendente, xa que, desde 2010, a xeración de residuos só baixou un

3%. A Fundación chama a reforzar políticas públicas, colaboración empresarial e implicación cidadá para avanzar cara a un modelo máis sostible.

Fonte: Retema

Imaxe: Fundación Fórum Ambiental

O desperdicio alimentario en Europa segue en ascenso

O desperdicio de comida na Unión Europea aumentou un 0,7 % en 2023, segundo os datos máis recentes de Eurostat. En total, xeráronse 58,2 millóns de toneladas de alimentos descartados, o que equivale a 130 quilos por persoa ao ano e confirma que esta problemática continúa sendo un reto clave en materia ambiental, social e económica. Os fogares son a principal fonte de desperdicio, xa que xeran o 53 % do total, con 69 quilos por habitante. A continuación sitúase a industria alimentaria e de bebidas, responsable do 19 % (24 kg por persoa), seguida do sector da restauración, que achega un 11 % (14 kg). Pola súa banda, a produción primaria (agricultura e pesca) representa o 10 % (12 kg), mentres



que o comercio minorista completa o balance co 8 % restante (10 kg). Para frear esta tendencia, a nova Directiva Marco de Residuos

incorpora por primeira vez obxectivos obrigatorios: unha redución do 10 % na fabricación e do 30 % na venda e consumo antes de 2030.

Fonte: Eurostat

Imaxe: Freepik



Curiosidades

Tres cidades europeas, recoñecidas polas súas políticas urbanas sostibles para 2027

Heilbronn (Alemaña), Assen (Países Baixos) e Siena (Italia) foron distinguidas cos Premios Cidades Verdes Europeas 2027, anunciados en Vilna. A xestión sostible dos residuos urbanos foi un dos criterios clave valorados polo xurado internacional. A cidade alemana, Heilbronn, recibiu o título de Capital Verde Europea polo seu bo desempeño en calidade do aire e da auga, adaptación ao cambio climático, mobilidade e economía circular. O panel destacou tamén a implicación cidadá en proxectos de concienciación e o compromiso da cidade con obxectivos ambientais ambiciosos de cara a 2035. Pola súa banda, Assen e Siena foron premiadas co European Green Leaf Award, destinado




a municipios máis pequenos. Assen foi recoñecida polas súas iniciativas en reciclaxe, reparación e redución de residuos, así como polos seus esforzos en eficiencia enerxética e mobilidade sostible.

Siena sobresaíu pola creación e conservación de espazos verdes e polos seus avanzados sistemas de xestión de residuos, que lle permitiron alcanzar un 61,4 % de reciclaxe e reducir a vertedura ao 1 %.

Fonte: Comisión Europea
Imaxe: Pixabay

Só un de cada dez europeos recicla os seus móbiles vellos, segundo Eurostat

O volume de residuos electrónicos non deixa de medrar na UE, impulsado pola rápida renovación de dispositivos dixitais. Un informe recente de Eurostat revela que o 51% da cidadanía garda na casa os seus teléfonos móbiles fóra de uso, mentres que só o 11% opta por reciclalos. Outro 18% dálle unha segunda vida mediante a venda ou doazón, e un 2% desbótanos sen pasar por ningún sistema de reciclaxe. Existen diferenzas de hábitos segundo as xeracións, xa que as persoas de entre 55 e 74 anos reciclan máis (13%), pero a mocidade (entre 16 e 24) amósase máis disposta a reutilizar os seus dispositivos (23%). Tamén existen contrastes por países, Grecia lidera a reciclaxe de smartphones (25%) e Croacia destaca na reutilización (34%).



A tendencia repítese en portátiles, tabletas e ordenadores de sobremesa, cunha porcentaxe moi elevada de equipos almacenados nos fogares.

A sostibilidade, pola súa banda, apenas pesa nas decisións de compra, só o 12% dos europeos ten en conta criterios de ecodeseño, moi por detrás do prezo, o rendemento ou a marca.

Fonte: Eurostat
Imaxe: Pixabay

🏠 [Volver á portada](#)

28



Curiosidades

España necesitaría 3,6 planetas para soste o seu consumo, segundo o Informe Cotec

A quinta edición do [Informe de Economía Circular da Fundación Cotec](#), elaborado xunto a ASYPS, revela que España precisaría 3,6 planetas para manter o ritmo actual de consumo, por riba da media europea (3,28). A cifra procede da pegada de consumo, un novo indicador que cuantifica o impacto ambiental total dos bens e servizos utilizados pola poboación. O documento tamén mostra contrastes. Por unha banda, en 2024, España mellorou a produtividade dos recursos, xerando 3,53 euros por cada quilogramo de material empregado, superando a media da UE. Tamén reduciu á metade a súa pegada material desde 2010 e destaca en ámbitos



como reparación de produtos e reutilización de augas residuais. Con todo, debe superar desafíos como a taxa de circularidade dos materiais, que permanece no 8,5%, lonxe do 12% europeo e dos

obxectivos marcados para 2030. Ademais, España recicla só o 41% dos residuos municipais e continúa enterrando en vertedoiros máis do dobre que a media comunitaria, un freo á transición circular.

Fonte e imaxe: Fundación COTEC

Europa impulsa unha Academia para formar 200.000 profesionais en materiais avanzados

A Unión Europea puxo en marcha a [Academia Europea de Materiais Avanzados](#), unha iniciativa estratéxica liderada por EIT RawMaterials co apoio do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT). O proxecto, integrado na Estratexia Europea da Unión de Competencias, busca reforzar a capacidade industrial e tecnolóxica comunitaria mediante a formación dunha nova xeración de especialistas. A Academia nace para responder á crecente escaseza de profesionais cualificados en sectores como a enerxía, a mobilidade, a electrónica ou a construción. Para iso, prevé cualificar a 200.000 persoas ata 2029, fomentando o talento científico, a actualización continua de coñecementos e o peche da fenda competencial no ámbito dos materiais avanzados, considerados fundamentais para cadeas de valor máis sostibles e resilientes. O novo organismo ofrecerá programas modulares, multilingües e acreditados que abranguen todo



Bernd Schäfer, CEO e Director Xeral de EIT RawMaterials durante o acto de presentación da Academia Europea de Materiais Avanzados.

o sector dos materiais. A oferta combinará formación profesional, itinerarios de reciclaxe laboral e microcredenciais adaptadas a distintos perfís.

Fonte e imaxe: EIT RawMaterials

🔍 [Volver á portada](#)

Receitario

De tempada

Se na gastronomía popular hai un prato por excelencia, ese é o caldo galego ou o cocido, unha combinación que, xunta, pode resultar do máis saborosa. Hoxe achegamos unha proposta para cocinar cos sobrantes do caldo e do cocido, ideal para preparar nestes días de inverno, especialmente en decembro, cando debemos ter aínda máis presente a importancia de evitar o desperdicio alimentario. Esta receita está extraída do libro "[Sabroso reciclaje](#)", editado polo Penal de Monterroso. Recomendámosche botarlle un ollo para descubrir como aproveitar eses excedentes que tantas veces non sabemos como empregar.

Anímate a compartir as túas recreacións culinarias etiquetándonos en [Instagram](#), [Facebook](#), [X](#) e [LinkedIn](#)!

CALDO CON RESTOS DE COCIDO



Ingredientes reciclados

- Restos de cocido: nabizas, cenouras, patacas, garavanzos
- Cebola
- Allo
- Allo porro
- Pan duro



Outros ingredientes

- Aceite de oliva
- Sal
- Pementón
- Comiño



Elaboración:

1. Picar o allo, a cebola e o allo porro.
2. Pochar todo nunha cazola, nesa orde, con aceite de oliva.
3. Cortar a verdura en anacos pequenos e salteala xunto cos garavanzos. Engadir unha culler pequena de pementón e remover fóra do lume.
4. Engadir o caldo e un pouco de comiño, e levar a ebulición.
5. Ferver durante 5 minutos coa pota tapada, removendo de vez en cando.
6. Engadir o pan, rectificarlle de sal e deixar ferver novamente, tapado, outros 5 minutos.
7. Servir e listo!

